



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN “NOVAS METODOLOXÍAS PARA AVALIAR O IMPACTO DOS CONTAMINANTES EMERXENTES EN ECOSISTEMAS MARIÑOS E O CONSUMIDOR. SUBPROXECTO 2 DE REFERENCIA CTM2014-56628-C3-2-R”

M^a Covadonga Salgado Blanco, directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), ente público adscrito á Consellería do Mar, cargo para o que foi nomeada no Decreto 243/2009, do 23 de abril (DOG. Núm. 79, do 24 de abril de 2009), DECLARA:

- Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación establece un marco de referencia para promover a colaboración entre os axentes públicos e privados do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, co fin de dar una resposta eficaz ás exixencias do cambio tecnolóxico e do desenvolvemento económico sostible, de maneira que de acordo co artigo 34.1 da citada Lei prevese a posibilidade de celebrar convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo, ben os propios axentes públicos conxuntos, o estes con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, xa sexan nacionais, supranacionais o estranxeiros, co fin de desenvolver conxuntamente actividades de diverso ámbito como, entre outros, Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- Que a USC é unha entidade de Dereito Público con personalidade e capacidade xurídica plenas e patrimonio propio, que realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, asumindo e desenvolvendo as súas funcións ao servizo da sociedade entre as que se atopa a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.
- Que INTECMAR é un ente público adscrito á Consellería do Mar da Xunta de Galicia polo artigo 1.4 da Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto, con personalidade xurídica e patrimonio propio, con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins. É o instrumento da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura en augas de competencia da Comunidade Autónoma.





- Que ao amparo da Orde ECC/1780/2013, de 30 de setembro (BOE nº 236 de 2/10/2013) que aproba as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas do Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016 (en adiante Plan Estatal de I+D+I), o Ministerio de Economía e Competitividade (MINECO) aprobou, por Resolución de 6 de agosto de 2014, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (BOE nº 192 de 8 de agosto de 2014), a convocatoria para o ano 2014 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao referido Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada aos Retos da Sociedade.
- Que a USC presentou unha solicitude de axuda para a realización dun proxecto baixo o título “Novas metodoloxías para avaliar o impacto dos contaminantes emerxentes en ecosistemas mariños e o consumidor. Subproxecto 2” (en adiante o Proxecto) no marco da citada convocatoria dentro da Modalidade 1: Retos Investigación - Proxectos de I+D+i, baixo a dirección como Investigador Principal do Dr. José Benito Quintana Álvarez contando no **equipo de investigación** coa participación do equipo coordinado pola Dra. Nieves Carro Mariño de INTECMAR para a realización de determinadas tarefas dentro do Proxecto.
- Que dita solicitude foi aprobada polo MINECO pola Resolución de Concesión da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación publicada o 27 de xullo de 2015, coa referencia CTM2014-56628-C3-2-R concedéndose unha subvención final de 15.000,00 Eur.
- Que de acordo coas esixencias especificadas no artigo 20 da convocatoria referida anteriormente, a USC e INTECMAR queren definir o alcance e tipo das actuacións a realizar por cada unha das mesmas, así como as obrigacións de carácter orzamentario e de xustificación científico-técnica e económica para a correcta execución do referido *Proxecto*.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Vilaxoán a 2 de maio de 2016

A directora de INTECMAR

M^a Covadonga Salgado Blanco

